



ORDENANZA FISCAL 14/2009 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL CONSTITUÍDOS POLA APERTURA DE ZANXAS, PROSPECCIÓNS E GABIAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO, ASÍ COMO AS REMOCIÓNS DE PAVIMENTOS OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Excmo. Concello de Pontevedra establece a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local constituídos pola apertura de zanxas, prospeccións e gabias en terreos de uso público, así como as remocións de pavimentos ou beirarrúas na vía pública, a que se refire o artigo 20.3.f) do citado Real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa á utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal que se deriva de:

- a) A apertura de zanxas, prospeccións e gabias en terreos de uso público, calquera que sexa a clase de pavimento que exista no lugar onde se realizan as obras.
- b) A remoción de pavimento ou de beirarrúas na vía pública.

Artigo 2. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou quen se beneficien do aproveitamento, se aínda non se concedera a oportuna autorización.

Artigo 3. Responsábeis

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Beneficios fiscais

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 5. Base imponible

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa o valor de mercado que tería a utilización privativa ou o aproveitamento especial, e todo en función do tipo de ocupación, da lonxitude ou superficie e da categoría da vía pública onde se realice a ocupación.

Artigo 6. Cota tributaria

1. A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a resultante da aplicación ás tarifas contidas no presente artigo, o correspondente coeficiente fixado no punto 3 deste artigo.

2. A taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

a) Zanxas ou prospeccións: por cada 10 metros lineais ou fracción, o importe diario será de 7,82 euros.

b) Gabias: por cada 10 metros cadrados ou fracción de superficie ocupada, o importe diario será de 7,82 euros.

c) Remoción de pavimento ou de beirarrúas: por cada 10 metros cadrados ou fracción, o importe diario será de 7,82 euros.

3. Sobre a cota así determinada aplicarase a seguinte escala de coeficientes, en función da categoría fiscal da rúa onde se realice a ocupación, segundo as categorías previstas na Ordenanza fiscal reguladora do imposto de actividades económicas:

CATEGORÍA	COEFICIENTE
Rúas de 1ª categoría.....	1,4
Rúas de 2ª categoría.....	1,2
Rúas de 3ª categoría.....	1,0
Rúas de 4ª categoría.....	0,9
Rúas de 5ª categoría.....	0,8

4. Os parques e prazas públicos asimílanse, aos efectos desta taxa, as rúas da categoría máis alta daquelas que os circundan. Cando a ocupación se sitúe na confluencia de dúas rúas, aplicarase o coeficiente correspondente á de categoría máis alta.

Artigo 7. Período impositivo e devengo

1. O período impositivo é por día. Neste suposto, a taxa devéngase o día declarado de ocupación.

2. A taxa devengarase aínda nos casos en que a ocupación sexa obrigatoria por disposición da Administración Municipal.

NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 8. Autoliquidacións

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar as oportunas autoliquidacións. Así mesmo, cando se produza unha modificación da superficie, que supoña un incremento da cota tributaria, estarán obrigados a presentar a correspondente autoliquidación.

2. As citadas autoliquidacións deberán ser presentadas nos 5 días naturais da ocupación ou incremento da mesma.

3. As autoliquidacións deberán acompañarse dun croquis onde conste a superficie e a forma da ocupación.

4. A falta de presentación das autoliquidacións determinará que os aproveitamentos detectados se entendan realizados desde a data da concesión da licenza de obra ou do inicio de calquera actuación administrativa que declare a súa existencia, no caso de que comezase previamente á obtención da licenza, aplicándoselle a tarifa correspondente a dito período, sen prexuízo das sancións que pola falta de presentación das autoliquidacións se puideran impoñer.

5. A falta de presentación das autoliquidacións de incremento de ocupación determinará que se considere á superficie ocupada efectivamente como si o estivera desde a data da alta ou a



determinada, no seu caso, de acordo coas normas do apartado anterior, sen prexuízo das sancións que pola falta de presentación das autoliquidación se puideran impoñer.

6. O prazo de pago en período voluntario das autoliquidacións será de cinco días naturais.

Artigo 9. Xestión

1. A cobranza da taxa realizarase mediante as autoliquidacións sinaladas no artigo anterior.
2. En ningún caso, o inicio do procedemento de xestión ou o pago da cota implicará que se entendan como autorizadas polo Excmo. Concello de Pontevedra as distintas ocupacións.
3. As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas autoliquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado.

Artigo 10. Destrución ou deterioro do dominio público

As persoas ou entidades que destrúan ou deterioren o dominio público local están obrigadas ao pago do mesmo, de conformidade co previsto no artigo 24.5 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, aínda cando fosen as mesmas persoas ou entidades interesadas quen efectúen a súa reposición, así como os gastos que orixine o control de calidade dos pavimentos e a comprobación de densidade alcanzadas no macizado de zanxas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).
2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación a, ambos inclusive.
3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión do día 21 de decembro de 2001, aprobouse polo propio Pleno na súa sesión do día 24 de outubro de 2008, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.